

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A ASOCIACIÓN CULTURAL DA FILLOA DE LESTEDO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA FILLOA DE LESTEDO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Cultural da Filloa de Lestedo e con ABANCA Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Festa da Filloa de Lestedo.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- No ano 2015 constitúese a Asociación Cultural Filloa de Lestedo co obxectivo de organizar todo o programa do evento e levar a cabo actividades de promoción e posta en valor das filloas durante todo o ano. A Festa da Filloa de Lestedo é unha exaltación das cualidades gastronómicas e culturais que pon en valor esta tradicional sobremesa galega típica do Entroido, cuxo día grande se celebra o Domingo de Piñata na localidade de Lestedo. A Festa da Filloa de Lestedo naceu en 1984 cando un grupo de amigos e amigas decidiu alongar o Entroido ata o Domingo de Piñata poñendo en valor un produto de gran arraigamento na zona. En todo momento, a implicación veciñal posibilitou que esta celebración se convertera en todo un referente no calendario gastronómico galego, superando, mesmo, fronteiras rexionais. Nos seus inicios, a elaboración de filloas realizábase de modo tradicional, cos filloeiros.

Cuarto.- A Asociación Cultural da Filloa de Lestedo organiza este evento, que conta coa participación de máis de 200 veciños e veciñas da parroquia. Conta cada ano con máis visitantes e, para proxectala aínda máis, desde a súa 40ª edición incrementouse o programa de actividades. Actuacións musicais, showcookings e masterclasses con reputados chefs, degustacións, o tradicional Entroido dos Xenerais da Ulla, actividades infantís, completan dita programación este ano chegan á súa XLII edición



O principal obxectivo deste evento, é a posta en valor dun dos pratos máis típicos de Galicia. Para iso, desde a Asociación Cultural da Filloa de Lestedo organízanse diversos tipos de propostas durante varias semanas co fin de exaltar as calidades gastronómicas e a versatilidade desta tradicional sobremesa. Unha cita xa consolidada no calendario festivo galego e que conta con catro décadas de historia.

Esta festa foi declarada de interese turístico nacional no ano 2024. Nesta celebración fúndense moitos séculos de historia e conta cunha gran participación popular.

Tras a declaración como Festa de Interese Turístico Nacional, e para crear unha sólida alianza entre dous eventos referentes no calendario do Entroido Galego, en 2025 formalizouse o irmandamento entre a Feira do Cocido de Lalín e Festa da Filloa de Lestedo.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Cultural da Filloa de Lestedo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

